



A SOCIEDADE NO NÚCLEO DA INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA, EIXO CENTRAL EN BIOINTEGRASAÚDE 2024

- *Representantes dunha das ONG's con maior experiencia no patient engagement e na relación coas institucións europeas compartirán experiencias acerca de como facilitar a participación cidadá na investigación biomédica*
- *Os mellores profesionais da investigación biomédica galega debaterán sobre a identificación de biomarcadores para diagnóstico e seguimento de enfermidades, o uso cada vez máis frecuente da IA e a implementación de novas terapias derivadas da investigación en saúde*
- *As tradicionais exposicións de proxectos a través de pósters substitúense por vídeos de curta duración elaborados por diferentes grupos de investigación dos tres institutos de investigación sanitaria de Galicia*

Vigo, 8 de abril de 2024. Cun programa no que a participación dos pacientes e as comunidades na investigación biomédica, a importancia da identificación de biomarcadores, a implementación de novas terapias e o emprego da Intelixencia Artificial no ámbito da saúde, o Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur organiza Biointegrasaúde 2024; un encontro anual no que os tres institutos de investigación biomédicos galegos (Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela-IDIS, Instituto de Investigación Biomédica da Coruña-INIBIC e o IISGS) congrénganse para a posta en común da súa actividade científica e o establecemento de sinerxías.

BiointegraSaúde, que neste ano alcanza a súa novena edición, realizase cada ano de maneira itinerante entre as tres sedes dos institutos galegos, correspondendo a organización da edición actual ao IIS Galicia Sur, que o celebrará o martes próximo, 9 de abril, a partir das 09.00 h., no salón de actos do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, clausurará o acto ao fin da xornada, correspondendo a inauguración do mesmo ao xerente da Área Sanitaria de Vigo, Francisco Javier Puente Prieto, acompañado do reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa Roger e das tres directoras científicas dos institutos de investigación biomédica de Galicia: M^a Luz Couce (IDIS), M^a del Mar Castellanos (INIBIC) e Eva Poveda (IISGS), que dará a benvida oficial ao evento como responsable da súa organización.

Contando coa sociedade

Tras este acto inaugural, un dos pratos fortes deste BiointegraSaúde 2024 consistirá na conferencia inaugural a cargo dos coordinadores de Programas e Proxectos Científicos da European AIDS Treatment Group (EATG): Fiona Greenhalgh e Rocco Pignata.

Trátase dunha ONG con amplía experiencia en *patient engagement* (participación de pacientes) na investigación, traballando ademais na mellora da calidade de vida, da



saúde e benestar das persoas e garantir que a investigación siga xerando novos diagnósticos, medicamentos, terapias e a atención ás e aos pacientes.

A súa experiencia é excepcional para incidir no aspecto da ciencia aberta, da participación da sociedade, da perspectiva de desenvolver unha investigación inclusiva e da transferencia de coñecemento á cidadanía; todos eles eixos centrais da actual investigación biomédica.

Así, EATG ten unha actividade constante -ao longo de máis de 32 anos- en campañas para a sensibilización e a participación da sociedade en proxectos de investigación. Un exemplo disto é que esta ONG se encarga do mantemento do *Foro da Sociedade Civil da UE sobre VIH*: un organismo apoiado orixinariamente pola Dirección Xeral de Saúde da Comisión Europea para facilitar a participación da sociedade civil no desenvolvemento de políticas, a implementación de programas e fortalecer a defensa dos dereitos das comunidades e contribuír ao seu empoderamento.

A esta data, unha ducia de asociacións de pacientes da Área Sanitaria de Vigo, moi interesadas nesta relación investigación-sociedade, teñen confirmada xa a súa asistencia a este acto.

Temas de alto interese

Outra das novidades de BiointegraSaúde 2024 é substituír as tradicionais presentacións de novos proxectos en curso por mesas de debate de alto interese na actual investigación biomédica. Así, tres mesas de debate están previstas en BiointegraSaúde 2024, nas que se abordarán temas de interese no actual de proceso de investigación biomédica con especialistas de sona en cada un destes ámbitos.

A primeira delas, estará dedicada a *Novas Terapias* e contará coa presenza de Carmen Albo López, xefa do Servizo de Hematoloxía da Área Sanitaria de Vigo e responsable do Grupo Hematoloxía e Hematoterapia do IISGS; María de la Fuente Freire, investigadora e responsable do Grupo Unidade de Hano-Oncoloxía e Terapéutica Traslacional do IDIS; Cristina Mondelo García, investigadora do Grupo FarmaCHUSLab do IDIS. E Adrián Mosquera Orgueira, investigador responsable do Grupo Hematoloxía Computacional e Xenómica do IDIS. A mesa estará moderada por Carmen Álvarez Lorenzo. Directora do Instituto de Materiais (iMATUS) de Santiago de Compostela e investigadora do Grupo I+D en formas de dosificación e sistemas de liberación de medicamentos do IDIS.

Pola súa banda, Virginia Leiro Fernández, investigadora do Grupo NeumoVigo del IISGS, será a moderadora da mesa denominada Biomarcadores, que contará coa participación de Laura Docío Fernández, Investigadora do Grupo Tecnoloxías Multimedia Centro de Investigación atlanTTic, da Universidade de Vigo; Martín Lázaro Quintela, investigador do Grupo Oncoloxía Traslacional do IISGD, M^a Eugenia Mosquera Vázquez, Investigadora do Grupo Metabolopatías, do IDIS e Carlos Spuch Calvar, investigador do Grupo Neurociencia Traslacional, do IISGS.



A última das mesas, dedicada á *Intelixencia Artificial en Saúde*, contará coa presenza como expertos de Pablo Aguiar Fernández, profesor de radioloxía da Facultade de Medicina da USC e investigador responsable do Grupo Imaxe Molecular do IDIS; Marcos Ortega Hortas, catedrático de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial da Universidade da Coruña e responsable do Grupo RNSA-IMEDIR do INIBIC, e César Veiga García, investigador do Grupo Cardiovascular do IISGS. A mesa estará moderada por M^a del Mar Castellanos, Directora Científica do INIBIC.

Concurso Tus 3 minutesis

Así mesmo, tamén é novidade nesta edición de BiointegraSaúde 2024 a substitución das tradicionais presentacións tipo póster pola realización e edición de vídeos explicativos das experiencias de investigación, cun formato concreto: está limitado a investigadoras e investigadores que estean a realizar a súa tese doutoral (ou a realizaran ao longo de 2023) en calquera dos 3 institutos e, tamén, que a súa duración non pode exceder dos 3 minutos.

Un xurado, integrado por investigadoras e investigadores de prestixio no ámbito de a biomedicina e a proposta dos tres institutos, determinarán os tres mellores vídeos, recibindo cada un unha dotación de 300 euros. Haberá, así mesmo, un premio especial do público, que mediante votación a través de internet elixirá o mellor vídeo segundo o seu criterio de entre 12 preseleccionados de todos os recibidos. O proxecto gañador deste último premio será dotado con 100 euros.

A este concurso inscribíronse un total de 24 grupos de investigación dos tres institutos, recibíndose 12 vídeos do IDIS, 8 do IISGS e 4 do INIBIC.

A entrega destes premios porá fin a este BiointegraSaúde 2024, nun acto de clausura que será presidio polo conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña.